

Recordatorio de Deberes Legais dirixido ao Concello de Vigo, para que de conformidade co disposto na normativa de réxime local, de procedemento administrativo e de transparencia e acceso á información pública, conteste expresamente sobre os escritos presentado polo promotor desde expediente de queixa, se a data de recepción desta resolución non o fixera e en xeral, sobre os escritos presentados pola cidadanía

Expediente: C.8.Q/4051/23

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2023

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX, referente á imposibilidade de descanso dunha familia polos traballos nocturnos para a instalación dun ascensor HALO no Concello de Vigo.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- O promotor deste expediente formulou queixa ante a Valedora do Pobo, na que se indica na súa literalidade que :

“Me presento, me llamo XXX, mi mujer XXX, y tenemos 2 niñas y 1 niño. Vivimos en Vigo, en la zona de García Barbón. El motivo de la queja es que el Ayuntamiento de Vigo ha autorizado unos trabajos nocturnos para la instalación de un ascensor HALO que está en pleno centro de Vigo y llevamos más de 1 mes sin poder dormir por las noches e incluso en los momentos peores nos ha obligado a mudarnos de casa para poder dormir.

Además estamos todavía más preocupados porque los trabajos que en un principio iban a terminarse a mediados de Marzo, se han prolongado hasta fin de mes y aún no han acabado, por lo que nos tememos que esta situación siga a peor.

He presentado una queja ente el Ayuntamiento”

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello con data do 10 de abril de 2023.

TERCEIRO.- Con data do 9 de agosto recíbese nesta institución un informe remitido polo Concello de Vigo, no que, se fai constar literalmente o seguinte:

“

EXPEDIENTE:	11177-320	TIPO EXPTE:	INFORME DO DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS NOCTURNOS EXPTE. 1200/441 (HALO)
		SOLICITANTE:	Concellería de Participación Cidadá e Festas

INFORME DO DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS NOCTURNOS NA EXECUCIÓN DA OBRA DE “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO (HALO)”

A Concellería de Participación Cidadá e Festas remite a solicitude de informe da Valedora do Pobo de data 5 de abril de 2023 (saída 6261/23) respecto do escrito de queixa formulado polo cidadá XXX sobre os traballos nocturnos para a instalación do ascensor HALO (expediente: C.8.Q/4051/23).

INFORME

O proxecto de “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO (HALO)” consiste na creación dun corredor peonil para facilitar a mobilidade cidadá entre barrios densamente poboados, como son o barrio de Casablanca e o ámbito de García Barbón, Rosalía de Castro e o Areal dentro do plan “Vigo Vertical”.

O devandito proxecto contempla a construción dunha torre dotada de dous ascensores, que conecta, a través dunha pasarela de sección circular, coa praza situada na cuberta da estación intermodal de VIALIA-VIGO, salvando así unha diferenza de cota de 39 metros sobre o nivel inferior e de 17 metros sobre o nivel da autoestrada. O conxunto de elementos que compoñen esta estrutura vense de nomear HALO.

O HALO permitirá a conexión peonil directa entre os barrios anteriormente mencionados, que historicamente se atopaban escindidos pola presenza da vía do tren, ademais dos ramais de acceso e saída da AP-9V, e a importante diferenza de cota existente.

Actualmente a conexión entre estas dúas zonas da cidade, xeograficamente limítrofes, pasa por ter que realizar un desprazamento pola vía pública de aproximadamente un quilómetro.

A esta necesidade de comunicación entre os barrios, engádese a necesidade de dotar dunha conexión peonil eficiente cara á estación intermodal VIALIA-VIGO, que supón un foco atraínte para as persoas que fan uso dos modos de transporte que a integran; a terminal de autobuses e a estación de tren, e á cidadanía en xeral cara ás zonas comerciais, hostalería e de ocio. Asemade a cuberta da edificación de VIALIA-VIGO habilitouse como praza cunha cesión de espazo libre de uso público e concentra unha grande afluencia de persoas, xa que dispón de pistas deportivas e zonas de estadia e lecer. A instalación do HALO redundará nunha mellora na mobilidade da cidade; reducindo tempos de viaxe e facilitando a circulación peonil. Estará dotado de dous cabinas con capacidade para 17 persoas cada unha e o tempo do percorrido para salvar a diferenza de cota estímase en 25 segundos.

Polo tanto, o HALO suporá un fito na mobilidade da cidade de Vigo, interconectado aos diferentes corredores do plan “Vigo Vertical”, así como ao “carril bici” e á “Vía Verde”, que xuntos vertebran a mobilidade sostible na cidade.

O HALO culmina o conxunto de actuacións que se veñen desenvolvendo a partir do acordo de data 04.10.2018 do Consello da Xunta onde se adoptou, entre outros: “Aprobar o Proxecto integrado centro Vialia estación de Vigo (fase 1) e terminal de autobuses, como proxecto público de urxencia ou excepcional interese. Este acordo conleva a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins de expropiación ou imposición de servidumes.(...)”.

No ámbito da obra conflúen diferentes Administracións Públicas e se levou a cabo a remodelación da zona coa construción da Estación Intermodal VIALIA-VIGO (MITMA, ADIF), a Terminal de Autobuses de Vigo (Xunta de Galicia) así como a remodelación dos accesos ás mesmas, a urbanización dos espazos intersticiais e a remodelación da rúa Baixada Estación. Sendo os proxectos que contan con promoción do Concello de Vigo o de “REMODELACIÓN DA CONTORNA DA RÚA BAIXADA ESTACIÓN” (Expte 4602-443), “REMODELACIÓN DO ENLACE P.K. 5+000 DA AUTOESTRADA AP-9V” (Expte. 4414-443), “HUMANIZACIÓN RÚA LEPANTO” (Expte. 5744-443) e URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIAIS NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO” (Expte. 4413-443) ademais do proxecto obxecto deste informe, “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO” (HALO) (Expte. 5809-443).

A contorna, como se pode ver, é un punto de encontro entre os numerosos medios e modos de transporte na que se enmarca a construción do HALO, cunha situación da zona de obra condicionada pola coexistencia de varias obras de diferentes Administracións Públicas así como os seus espazos públicos e os viarios das súas titularidades.

Polo que entre o punto de embarque do HALO na rúa Serafín Avendaño e o desembarque na cuberta da estación intermodal VIALIA, atópanse baixo a estrutura da pasarela numerosos eixos de comunicación de acceso e saída da cidade con intensidades de tráfico elevadas. A vía que concentra a maior afluencia de tráfico é a AP-9V, de titularidade estatal, destacando os eixos denominadas como “eixo 6: acceso a Vigo” e “eixo 20: saída Vigo”. (Achégase plano)

Por mor da existencia destes eixos de comunicación cunha alta intensidade de tráfico no ámbito da obra e debido ás características técnicas, complexidade e dimensións do HALO, é necesaria a utilización de maquinaria de grande tonelaxe, guindastres e plataformas elevadoras, que ademais dos riscos inherentes a estes tipos de traballos, presentan un maior grao de perigo polo reducido espazo dispoñible baixo a pasarela do HALO, (onde conflúen os diferentes eixos da autoestrada), o que imposibilita a convivencia entre o tráfico cotiá nestes viarios e os diferentes equipos de traballo, polo cal, a aprobación do proxecto das obras, realizada en Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de febreiro de 2022 adoptou o acordo de APROBACIÓN DO PROXECTO DAS OBRAS DE “CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO”. Expte 5220/443 tendo en conta estes condicionantes que supoñen un plan de traballo adaptado aos traballos nocturnos.

Así no citado acordo fanse constar as seguintes resolucións necesarias para a aprobación do proxecto:

- *Resolución favorable da Agencia Estatal de Seguridad Aérea, de data 25.01.2022.*
- *Resolución estimatoria de ADIF de data 03.02.2022.*
- *Informe de viabilidade urbanística da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 08.02.2022.*
- *Resolución favorable da Dirección General de Carreteras del Ministerio de Transporte, Movilidad y Agenda Urbana (MITMA), de data 16.02.2022., a través da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia autoriza o proxecto de execución “CONEXIÓN PEONIL ENTRE*

AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO (HALO)”. Esta autorización está suxeita, entre outras á condición particular:

“Dado que las piezas en las que se divide la pasarela serán izadas directamente desde el transporte especial que las transporte, éste se deberá situar lo más alejado posible del muro de tierra armada. Los cortes de tráfico de la entrada hacia Vigo serán en horario nocturno, de 00h a 6h de la mañana. No obstante, para la hora de inicio del corte, las intensidades y condiciones del tráfico podrían permitir ajustar dicha hora inicial”.

En definitiva, a planificación en horario nocturno ven motivada pola necesidade de garantir a seguridade tanto para as persoas usuarias dos diferentes eixos de comunicación que conflúen baixo a pasarela en construción (HALO), como a dos equipos de traballo que de xeito coordinado participan na execución dos diferentes elementos. Para o cal, o Concello de Vigo conta coas preceptivas autorizacións e as obras se están a levar a cabo conforme aos condicionantes das mesmas”.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira: O día 31 de marzo do ano en curso o promotor deste expediente de queixa presentou escrito nese concello (W873240-3045).

Segunda: O 10 de abril, valorada a queixa e a documentación achegada admitiuse a trámite e solicitouse ao Concello de Vigo o preceptivo informe, que houbo de ser requirido posteriormente en dúas ocasións: o 11 de maio e o 6 de xullo. Finalmente o 9 de agosto o informe quedou incorporado ao expediente.

Posteriormente, estando en curso de tramitación este expediente de queixa, o 24 de abril, o promotor presentara outro escrito relacionado coa mesma problemática nese mesmo Concello de Vigo (W899246-1943)

Cuarta: O marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos da

ciudadanía e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que comporta a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de si é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

Quinta: No suposto desta queixa, o escrito presentado polo promotor debería ter sido tramitado, conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na que tamén se establece a obriga de contestar expresamente (artigo 21 da citada Lei 39/2015).

Sexta: En calquera caso a Administración está obrigada a responder ao cidadán que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha reposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con presteza e sen demoras inxustificadas.

Non consta no amplo informe remitido por ese concello que se tivera feito no que atinxe aos dous escritos presentados polo agora promotor deste expediente ante esa administración local.

Así mesmo, convén lembrar que o artigo 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, dispón que: O Valedor do Pobo “velará porque a Administración resolva expresamente, as peticións e recursos que lle foron formulados”.

No presente caso a falta de resposta do Concello de Vigo aos escritos presentados polo promotor deste expediente propiciou que formulara queixa ante a institución da Valedora do Pobo solicitando a súa intervención.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Vigo o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de réxime local, de procedemento administrativo e de transparencia e acceso á información pública, o Concello

de Vigo debe contestar expresamente sobre os escritos presentado polo promotor desde expediente de queixa, se a data de recepción desta resolución non o fixera e en xeral, sobre os escritos presentados pola cidadanía”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo